- Manexo da informática para a recopilación de información sobre todo tipo de temas, valorando a calidade e veracidade das fontes.
- Valoración das fontes históricas.
- Realización e comprensión de liñas temporais.
- Lectura e interpretación de mapas históricos.
- Valoración da importancia do legado medieval na historia, a cultura e a paisaxe de Europa, España e Galicia.
- Valoración do legado artístico medieval.
- Indentificación das distintas paisaxes humanas, rurais ou urbanas .Comprensión da trama urbana.

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🗎 981-843701

- Valoración e comprensión da dinámica demográfica española e galega.
- Identificación dos principais impactos do home sobre o medio.
- Identificación e valoración do legado histórico e xeográfico da comarca.

## INSTRUMENTOS

O Departamento considera que os instrumentos de avaliación máis axeitados son:

**-Contidos conceptuais:**

Probas escritas: en cada avaliación o alumnado realizará varias probas escritas que permitirán ao profesorado ter máis elementos de xuízo cara á cualificación na avaliación. Estas probas recollerán aspectos que foron obxecto de traballo na clase: textos, gráficas, estatísticas, mapas, estudos comparativos, definición de conceptos, desenvolvemento dun tema dun xeito sinxelo (adaptado ao nivel), …

**-Contidos procedementais e actitudinais:**

Valoración, a través da observación da actitude no traballo escolar e na convivencia colexial, de comportamentos de tolerancia, solidariedade, responsabilidade, participación e respecto, tanto no seu contorno como ante formas de vida ou mentalidades distintas á propia. Traballo diario na aula, que inclúe a atención e participación na clase, a realización das tarefas que se encomenden...
Realización de sinxelos traballos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.
Expresar as propias opinións de forma asertiva.
Escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
Comprender os valores democráticos.
Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.
Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento das sociedades do pasado.
Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.
Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas, textuais, etc.
Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.
Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.
Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.
Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- **Probas escritas**: 60% da nota final (mínimo dous por trimestre).
- **Traballos de investigación e creación de contidos:** 20% da nota final.
- **Exercicios e actividades prácticas da disciplina:** 20% da nota final.
- **Recuperación:** despois de cada avaliación o alumno/a suspenso terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación atendendo as súas necesidades específicas (plan de recuperación individualizado).

### Avaliación extraordinaria de Xuño

Este Departamento realizará no mes de xuño unhas probas extraordinarias para o alumnado que non conseguira aprobar a materia na avaliación ordinaria. Os exames incluirán a materia que foi explicada ao longo do curso académico; no caso de que a materia non fora impartida na súa totalidade, a proba incluirá só a que foi obxecto de explicación ao longo do curso.
Será puntuado sobre 10 puntos.

.

## PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso realizarase unha proba que permita valorar o grao de desenvolvemento das competencias básicas de cada alumno/a. A proba será individual e o alumno debe poñer o seu nome, pois se trata de identificar o nivel de cada un, pero non contará para nota.
Ademais, durante o primeiro mes, observarase a capacidade de aprendizaxe do alumnado na nova materia noutros aspectos como a expresión oral e escrita, ortografía, comprensión lectora, etc.
Destas probas e valoracións pódense extraer os datos que permitan realizar a avaliación inicial.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As investigacións actuais da Psicoloxía indican que, nesta etapa evolutiva, os coñecementos se adquiren mellor do particular ao xeral, do concreto ao abstracto. O marco referente obrigado, sempre que sexa posible, e do cal podemos partir e/ou volver a el, será a Xeografía, a Historia e a Arte de Galicia e tamén a da zona concreta onde se atopa o/a alumno/a (neste caso, o Concello de Rianxo, a bisbarra do Barbanza, Ría de Arousa, bisbarra de Santiago).

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🗎 981-843701

Mais o concepto de medio non remata no contorno propio inmediatamente perceptible, senón que se estende a aqueles feitos que, subxectiva ou vivencialmente, están preto dos intereses dos/as alumnos/as aínda que non formen parte do contorno próximo, pero que a través dos diferentes medios de comunicación están presente na vida dos rapaces e rapazas.

Outros dos principios didácticos recentes insiste no chamado "coñecemento para a transferencia", de tal maneira que os educandos poidan transferir os seus modelos de estudo da realidade a diferentes contextos espaciais e temporais, é dicir, preparar para "aprender a aprender", para ir formando unha capacidade de aprendizaxe autónoma.

Igualmente parece estar aceptado tamén que a adquisición de coñecementos se realiza mellor cando partimos do que cada un sabe, e de que cantas máis relacións establezamos entre o que os/as discentes aprenden e as súas aplicacións nas distintas Áreas, máis nos achegaremos á "aprendizaxe significativa". Así, pois, o coñecemento das "ideas previas" dos/as alumnos/as ao empezar o traballo de cada Unidade didáctica é unha actividade necesaria.

Trazando algunhas notas sobre metodoloxía, diríamos que as características que neste momento se consideran as máis apropiadas son as de que a metodoloxía ha de ser motivadora, activa e participativa, A dificultade está en levar os ditos principios á práctica real na aula. Porén, a organización do noso traballo estará guiado polas devanditas características.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As Unidades didácticas que se desenvolven no Segundo Curso da E.S.O. teñen como base o material de traballo aportado polo **Libro de Texto**, que, para o presente Curso académico, é: **Fisterra 2 Ciencias Sociais, xeografía e historia. Editorial Vicens Vives**. É un libro novo, do 2016, e con datos actualizados, especialmente nos temas de xeografía humana (poboación e cidade).
O profesor poderá facer uso de dito libro de texto segundo o considere axeitado en cada momento.

Os recursos do contorno propio (os restos arqueolóxicos e monumentos, os personaxes senlleiros, etc) contribuirán á observación directa, base fundamental no ensino; os Atlas, dicionarios e enciclopedias, mapas murais xeográficos e históricos, as diapositivas, algún documental ou película sobre temas históricos serán a base da observación indirecta. Igualmente queremos citar aquí algúns textos moi concretos que ofrecen ao profesorado un material interesante para apoiar o seu traballo.

- AA.VV.-Galicia. Ciencias Sociais, 6º, 7º, 8º de EXB, Galaxia-SM, 1985.
- Ulloa Fernández de Sanmamed, Emilio.- Historia de Occidente: texto e documentos para a súa utilización na Aula. Educación Secundaria. Penta, A Coruña, 1993. Co- lección de sete cadernos. (Moi útil pola súa adaptación a esta Etapa de Secundaria)
- Villares, Ramón. - A Historia. Galaxia, Vigo, 1984.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nun grupo-clase aparentemente homoxéneo, atopamos realmente, unha grande diversidade.Temos que prestar atención á diversidade cun proxecto adaptable a situacións diferentes e a ritmos diversos.

-

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🗎 981-843701

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 981-843701

## CUARTO CURSO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

## OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES E SECUENCIALIZACIÓN

**A secuenciación estabrécese identificando as tres avaliacións a través dunha trama cromática. Debe ser flexible dabondo para adpatarse ao nivel inicial do alumnado, o seu ritmo de aprendizaxe, o seu interés pola asignatura e a posibles cambios por actividades complementarias, etc. A seguinte táboa cromática indentifica as avaliacións:**

| CONTIDOS 1ªAVALIACIÓN | CONTIDOS 2ªAVALIACIÓN | CONTIDOS 3ªAVALIACIÓN |
|---|---|---|

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | ▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 sesións |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ No apartedo anterior |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B1.2. Ilustración. | ▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | ▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | ▪ B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | ▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 1 sesión |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ Apartado anterior |
| | Bloque 2. A era das revolucións liberais | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias. | ▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español | ▪ B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 6 sesións |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ No anterior apartado |
| | | | ▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| | Bloque 3. A Revolución Industrial | | | | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | ▪ B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | ▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | ▪ B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | ▪ XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesións |
| | | | ▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ No apartado anterior |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | ▪ B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | ▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en | ▪ B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España | ▪ XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como | ▪ CSC | ▪ 2 sesións |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | España e Galicia: éxito ou fracaso? | e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | consecuencia dos cambios económicos en España. | | |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.5. A ciencia no século XIX. | ▪ B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | ▪ XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 1 sesión |
| | Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial | | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. | ▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | ▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| | | | ▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | ▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | ▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2 sesións |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. | ▪ B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | ▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3 sesións |
| | | | ▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 1 sesión |
| | | | ▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ No apartado anterior |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.4. Revolución Rusa. | ▪ B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | ▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 5 sesións |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.5. A arte no século XIX. | ▪ B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos | ▪ XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | 2 sesións |
| | | | ▪ XHB4.5.2. Compara | ▪ CSC | ▪ 1 sesión |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | movementos artísticos europeos e asiáticos. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | |
| | Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945) | | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | ▪ B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | ▪ XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |
| | | | ▪ XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2 sesións |
| | | | ▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. | ▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | ▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 6 sesións |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil. | ▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | ▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 3 sesións |
| | | | ▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |
| | Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) | | | | |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B6.1. Orixes da II Guerra Mundial. | ▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | ▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 1 sesión |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. | ▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | ▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 1sesión |
| | | | ▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |
| | | | ▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 sesións |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | distintos niveis temporais e xeográficos. | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ l | ▪ B6.3. O Holocausto. | ▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | ▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | ▪ CSC | ▪ 4 sesións |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. | ▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | ▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 sesións |
| | | | ▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África. | ▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | ▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| | | | ▪ XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2 sesións |
| | Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético | | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". | ▪ B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | ▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| | | | ▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | ▪ CSC | ▪ 1 sesión |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.2. Crise do petróleo (1973). | ▪ B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | ▪ XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 sesións |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B7.3. Ditadura de Franco en España. | ▪ B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | ▪ CSC | ▪ 4 sesións |
| | | | ▪ XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | o concepto de memoria histórica | | |
| | Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI | | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. | ▪ B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | ▪ XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2 sesións |
| | | | ▪ XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | ▪ CSC | ▪ 1 sesión |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. | ▪ B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | ▪ XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). | ▪ B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | ▪ XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| | | | ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 3 sesións |
| | | | ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ No apartado anterior |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | defensa das vítimas, etc. | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. | ▪ B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | ▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| | Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI | | | | |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.1. A globalización económica: concepto e características. | ▪ B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | ▪ XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 1 sesión |
| | | | ▪ XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 sesións |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. | ▪ B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 1 sesión |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. | ▪ B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ Apartado anterior |
| | Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía | | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. | ▪ B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 sesión |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Visto anteriormente |
| | | | ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ Visto anteriormente |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.2. Cambio e continuidade. | ▪ B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ Ao longo do curso |
| | | | ▪ XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ Ao longo do curso |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.3. Tempo histórico. | ▪ B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ Ao longo do curso |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. | ▪ B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Ao longo do curso |

# ADECUACIÓN DOS ESTÁNDARES AOS CONTIDOS MÍNIMOS

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| | | |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| ▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | ▪ Diferenzas políticas, adminsitrativas, sociais e económicas entre o Absolutismo e o Parlamentarismo |
| | ▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | ▪ O mesmo |
| ▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | ▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | ▪ Coñecer o entorno cultural da Ilustración e o seu contexto histórico |
| ▪ B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | ▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | ▪ O mesmo |
| | ▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | ▪ O mesmo |
| | | |
| ▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | ▪ Factores da Revolución francesa |
| | ▪ XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | ▪ Saber desenvolver o comertario de textos e documentos históricos |
| ▪ B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | ▪ Resumir as principais causas da Revolución, enlazando problemas socio-económicos e políticos |
| | ▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | ▪ Etapas das revolucións atlánticas |
| | ▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | ▪ Non hai contido mínimo |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E OU

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| | | |
| ▪ B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | ▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | ▪ Diferenzas entre os modelos británico e francés |
| ▪ B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | ▪ XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | ▪ Coñercer a vinculación entre economía e socio-política |
| | ▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | ▪ |
| ▪ B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | ▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | ▪ Rasgos fundamentais da Revolución económica inglesa:<br>▪ |
| ▪ B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | ▪ XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | ▪ Comparativa da situación inglesa e española para entender o fracaso español |
| ▪ B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | ▪ XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | ▪ Elaboración e comentario de cadros e liñas temporais |
| | | |
| ▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | ▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | ▪ Causas do Imperiallismo |
| | ▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | ▪ Valoración crítica do Imperialismo dende o punto de vista ético |
| ▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | ▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | ▪ Rasgos fundamentais do Imperialismo e oseu papel na Gran Guerra |
| ▪ B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | ▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | ▪ Causas da Guerra |
| | ▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | ▪ Consecuencias da Guerra |
| | ▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde | ▪ Causas do auxe de Hitler |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| | a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | |
| ▪ B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | ▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | ▪ Causas da Revolución rusa<br>▪ Rasgos esenciais do réxime soviético |
| ▪ B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | ▪ XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | ▪ Comentario de obras artítsticas |
| | ▪ XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | ▪ Formación do gusto artístico |
| | | |
| ▪ B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | ▪ XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | ▪ Traballo cas fontes históricas |
| | ▪ XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | ▪ Comentario de gráficas económicas |
| | ▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | ▪ Valoración da igualdade de xénero |
| ▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | ▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | ▪ Non hai mínimo |
| ▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | ▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | ▪ Non hai mínimo |
| | ▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | ▪ Non hai mínimo |
| | | |
| ▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | ▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | ▪ Comentario crítico das fontes históricas |
| ▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de | ▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | ▪ Comentario de mapas históricos |
| | ▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra | ▪ Etapas da Guerra.<br>▪ Factores económicos da mesma |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| guerra total. | europea que a mundial. | |
| | ▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | ▪ Incluido no anterior |
| ▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | ▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | ▪ Non hai mínimos |
| ▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | ▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | ▪ Orixes do mundo actual |
| | ▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | ▪ Vencellar a colonización ca descolonización e a Guerra Fría |
| ▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | ▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | ▪ Incluido no anterior |
| | ▪ XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | ▪ Comprensión do fenómeno dos refuxiados |
| | | |
| ▪ B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | ▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | ▪ Comparativa dos dous modelos.<br>▪ Causas da victoria do modelo de benestar |
| | ▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | ▪ Comprensión do proceso de emancipación da muller |
| ▪ B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | ▪ XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | ▪ Comentario das fontes<br>▪ Comprensión da dinámica das crises económicas |
| ▪ B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | ▪ Rasgos principais da España Franquista |
| | ▪ XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | ▪ Fomento da Tolerancia |
| | | |
| ▪ B8.1. Interpretar procesos a | ▪ XHB8.1.1. Interpreta o | ▪ Comprensión da sociedade |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | actual |
| | ▪ XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | ▪ Non hai mínimo |
| ▪ B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | ▪ XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | ▪ Causas da caída do bloque comunista.<br>▪ O novo mapa de Europa |
| ▪ B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | ▪ XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | ▪ Rasgos da sociedade española actual<br>▪ Valoración da convicencia |
| | ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | ▪ Incluido no anterior |
| | ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | ▪ Incluido no anterior |
| ▪ B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | ▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | ▪ Valoración da intergración nunha asociación supranacional |
| | | |
| ▪ B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | ▪ XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | ▪ Valoración crítica das fontes |
| | ▪ XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | ▪ Comprensión básica do mundo actual na economía, sociedade e política |
| ▪ B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución | ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación | ▪ Valoración do cambio tecnolóxico como motor de progreso |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| Tecnolóxica. | das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | |
| ▪ B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | ▪ Comprensión básica do mundo actual na economía, sociedade e política |
| | | |
| ▪ B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | ▪ Respecto polo medio ambiente.<br>▪ Valoración da contaminación como o problema máis grave da humanidade |
| | ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | ▪ Traballo cas fontes.<br>▪ Creación dun xuizo persoal e crítico sonbre a sociedade |
| | ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | ▪ Traballo cas fontes<br>▪ Creación dun xuizo persoal e crítico sonbre a sociedade ballo cas fontes |

Neste curso 2022-2023, os contidos distribuiranse deste xeito:

1º trimestre: Do Antigo Réxime ás transformacións económicas da II Revolución Industrial.
2ª trimestre: Do imperialismo á II Guera Mundial e o franquismo.
3º trimestre: Da Guerra Fría ao mundo actual. Arte contemporánea.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

## PROCEDEMENTOS

- Recoñecer os mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da estrutura da nosa sociedade e, deste xeito, comprender e saber analizar os problemas máis perentorios das sociedades contemporáneas (a inmigración, a globalización, as desigualdades socioeconómicas, etc.).
- Adquirir e utilizar o vocabulario específico da área con precisión e rigor.

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

- Obter e relacionar información de fontes de diverso tipo e saber manexar e interpretar correctamente diversos instrumentos de traballo xeográfico como as gráficas, os mapas, as series estatísticas etc.
- Utilizar as novas tecnoloxías de información e da comunicación para a procura, a xestión e o tratamento da información.
- Analizar a Europa do barroco: unha poboación estancada, unha economía de base agraria, unha sociedade estamental, o absolutismo monárquico e mais a arte barroca.
- Recoñecer as causas da Guerra de Sucesión, a configuración das alianzas de ambos os bandos e a configuración política que comportou a aprobación dos Decretos de Nova Planta.
- Entender o significado político dos Borbóns na España do século XVIII: as reformas de Felipe V, Fernando VI e Carlos III.
- Coñecer o pensamento ilustrado europeo nas súas vertentes económicas e políticas, e identificar os principais pensadores coas súas achegas.
- Comprender a ruptura histórica que representou a Revolución Francesa analizando as novidades políticas que achegou e recoñecer as causas e mais as ideas que conduciron á Restauración europea.
- Coñecer e diferenciar as revolucións liberais ocorridas no século XIX identificando os conceptos de nacionalismo e liberalismo, e prestándolle especial atención á súa influencia nos procesos de unificación alemán e italiano.
- Coñecer as bases da revolución industrial, as novas fontes de enerxía, os sectores industriais, a revolución dos transportes, a organización do movemento obreiro e as novas ideoloxías: marxismo, anarquismo e internacionalismo.
- Analizar o desenvolvemento político de España durante o século XIX: a crise do Antigo Réxime, a restauración do absolutismo, a independencia das colonias americanas, a revolución liberal, o Sexenio Democrático e mais a Restauración.
- Recoñecer as transformacións demográficas e agrícolas do século XIX en España prestándolle unha atención especial a Galicia.
- Analizar as particularidades artísticas, políticas, económicas e sociais da Galicia do século XIX.
- Explicar as causas da expansión colonial e da Primeira Guerra Mundial, así como as súas consecuencias en Europa.
- Coñecer as principais correntes artísticas e culturais do século XIX en Europa diferenciando os principais autores e obras máis significativos do período.
- Coñecer as características principais do período de entreguerras: a Revolución rusa, o crac do 29 e a gran depresión, o fascismo italiano e o nazismo alemán.
- Coñecer a historia española desde a crise da restauración, a II República e a Guerra Civil, prestándolle unha especial atención a Galicia.
- Explicar as causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- Identificar os aspectos máis significativos do mundo bipolar e as características de cada un dos bloques: o capitalista e mais o socialista.
- Coñecer as causas da caída dos bloques e as características principais do mundo actual.
- Analizar a evolución dos aspectos económicos, políticos e sociais do réxime franquista en España, prestándolle unha especial atención a Galicia.
- Coñecer o proceso de transición cara á democracia que comezou coa morte de Franco, prestándolle unha especial atención a Galicia.
- Coñecer o proceso de formación da Unión Europea, as institucións europeas e o seu cometido, así como as consecuencias da anexión española.
- Recoñecer os distintos gobernos democráticos españois e as súas principais liñas de actuación desde a transición ata a actualidade reflexionando sobre a evolución política de Galicia.

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

- Identificar os principios que rexen a Constitución española de 1978 na forma de goberno do Estado español, a súa organización estatal e valorala como garante das liberdades individuais e colectivas.
- Explicar os distintos mecanismos de participación dos cidadáns e das cidadás españois no exercicio do poder a escala continental, estatal e autonómica, recoñecer a función dos partidos políticos e identificar os partidos políticos máis importantes de España, facendo referencia a Galicia.
- Identificar as principais correntes artísticas do século XX no mundo prestándolle atención á contribución española ás artes figurativas durante este século, tanto en pintura, escultura como arquitectura, e a contribución de Galicia.
- Explicar as razóns da globalización económica a escala planetaria e coñecer os principais movementos sociais que se opoñen ao proceso de globalización.
- Identificar as distintas áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo; analizar os fluxos comerciais e os principais problemas de desequilibrio socioeconómico existentes entre elas.
- Sensibilizarse cos principais problemas do mundo actual (o desigual acceso aos recursos, a globalización, os conflitos políticos etc.), entendéndoos como unha problemática en que todos estamos implicados e da que todos somos responsables.
- Valorar o impacto das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no acceso á información, o fluxo de capitais e mais o comercio mundial.
- Analizar os problemas derivados do desigual acceso á riqueza no mundo (fame, baixo nivel educativo, desequilibrios demográficos etc.) e reflexionar sobre a actuación dos organismos que tratan de loitar contra a pobreza.
- Recoñecer as características singulares do patrimonio natural, histórico e artístico de Galicia, e de España, asumindo as responsabilidades que supón a súa protección e conservación.
- Valorar a diversidade cultural no mundo, en España e en Galicia, e ser respectuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.
- Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como un logro irrenunciable da humanidade, denunciar as actitudes discriminatorias e inxustas, e mostrarse solidario con quen estea privado do seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
- Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ao longo da historia por razóns de raza, sexo, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e mostrar unha actitude solidaria cos individuos e colectividades que foron obxecto desta discriminación.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O Departamento considera que os instrumentos de avaliación máis axeitados son:

**-Contidos conceptuais:**

Probas escritas: en cada avaliación o alumnado realizará varias probas escritas que permitirán ao profesorado ter máis elementos de xuízo cara á cualificación na avaliación. Estas probas recollerán aspectos que foron obxecto de traballo na clase: textos, gráficas, estatísticas, mapas, estudos comparativos, definición de conceptos, desenvolvemento dun tema dun xeito sinxelo (adaptado ao nivel que se está a impartir).

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

**-Contidos procedementais e actitudinais:**

Valoración, a través da observación da actitude no traballo escolar e na convivencia colexial, de comportamentos de tolerancia, solidariedade, responsabilidade, participación e respecto, tanto no seu contorno como ante formas de vida ou mentalidades distintas á propia. Traballo diario na aula, que inclúe a atención e participación na clase, a realización das tarefas que se encomenden...
Realización de sinxelos traballos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
- Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Comprender os valores democráticos.
- Coñecer as características do espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana.
- Localizar no espazo os elementos do medio físico e os acontecementos históricos traballados.
- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e interesarse pola conserva do ambiente.
- Aprender a orientarse e a situarse no espazo, utilizando mapas e planos.
- Realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade
- Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas,textuais, etc.
- Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
- Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.
- Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.
- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
- Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- Escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico
- Interpretar escalas numéricas e gráficas.
- Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar dimensións, calcular distancias e diferenzas horarias.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- **Probas escritas**: 60% da nota final (mínimo dous por trimestre).
- **Traballos de investigación e creación de contidos:** 20% da nota final.
- **Exercicios e actividades prácticas da disciplina:** 20% da nota final.
- **Recuperación:** despois de cada avaliación o alumno/a suspenso terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación atendendo as súas necesidades específicas (plan de recuperación individualizado).

### Avaliación extraordinaria de xuño

Este Departamento realizará no mes de xuño unhas probas extraordinarias para o alumnado que non conseguira aprobar a materia na avaliación ordinaria. Os exames incluirán a materia que foi explicada ao longo do curso académico; no caso de que a materia non fora impartida na súa totalidade, a proba incluirá só a que foi obxecto de explicación ao longo do curso.
Será puntuado sobre 10 puntos.

## PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso realizarase unha proba que permita valorar o grao de desenvolvemento das competencias básicas de cada alumno/a. A proba será individual e o alumno debe poñer o seu nome, pois se trata de identificar o nivel de cada un, pero non contará para nota.
Ademais, durante o primeiro mes, observarase a capacidade de aprendizaxe do alumnado na nova materia noutros aspectos como a expresión oral e escrita, ortografía, comprensión lectora, etc.
Destas probas e valoracións pódense extraer os datos que permitan realizar a avaliación inicial.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A necesidade de acadar os obxectivos que se perseguen, leva a que este Departamento intente desenvolver un método activo de ensino e aprendizaxe das Ciencias Sociais.
O/a profesor deberá adaptar os temas a desenvolver ás necesidades dos alumnos e alumnas. Para iso, este Departamento considera imprescindibel que, antes de abordar un determinado tema, o/a profesor/a realice unha sondaxe (preferiblemente de forma oral, para promover unha activa participación) entre o alumnado para decatarse do grao de coñecementos que posúe sobre dito tema.
Os métodos ou procedementos que se empregarán consistirán en: análise e interpretación de fontes escritas, mapas, gráficos, estatísticas, fotografías, diapositivas, noticias de prensa e de medios audiovisuais...; confección de gráficos, mapas, eixes cronolóxicos (para ordenar secuencias temporais),

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

que serán analizados e interpretados; elaboración de esquemas, resumos, sínteses; transposición de series estatísticas a gráficas ou viceversa e posterior análise e interpretación,…
Consideramos interesante a utilización de documentais e películas históricas que completen a aprendizaxe que o alumnado adquiriu sobre un determinado tema..

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O **Libro de Texto** que se utilizará no presente curso académico, é: **Fisterra 4 Historia. Editorial Vicens Vives.**
Consideramos interesante a utilización de documentais e películas que completen a aprendizaxe que o alumnado adquiriu sobre un determinado tema.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nun grupo-clase aparentemente homoxéneo, atopamos realmente, unha grande diversidade.Temos que prestar atención á diversidade cun proxecto adaptable a situacións diferentes e a ritmos diversos.

.

**PARA TODOS OS CURSOS:**

# PLAN DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.
O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e **terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias**. Igualmente, será un plan que se **adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno** destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. O profesorado encargado desenvolverá o plan de maneira individualizada a través dunha ficha na que se deberá incluír, cando menos:

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun plan de actividades dixitalizadas baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto, terá que realizar probas escritas, tamén dixitais, sobre contidos da materia. Para preparar esta proba escrita proporcionaráselle unha guía de **contidos** baseado no **currículo LOMCE,** atendendo a como e que preparar.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten. Para iso contará cun **foro de dúbidas na Aula Virtual** que lle permitirá ter un contacto permanente co profesorado guía no proceso de recuperación.

A entrega do material de traballo e a realización do exame se efectuará en dúas quendas. Unha primeira en Xaneiro e outra en Abril. Igualmente haberá a posibilidade de acudir a unha convocatoria de proba escrita presencial que será disposta de maneira oficial polo centro.

En virtude de todo isto os **criterios de cualificación** establecen a partir do marco LOMLOE:

A materia desenvolverase a través de dous parciais divididos en dúas quendas para o que se realizarán unha proba escrita online e traballos prácticos que será valorados a partir das **8 competencias clave.**

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

As **probas escritas terán un valor do 50%** da nota acadada. A proba escrita será online, cunha duración aproximada de 50'. O alumnado contará cunha guía dos contidos a traballar nun espazo creado na Aula Virtual no centro.

**Os traballos prácticos**, traballos de investigación e prácticas propias da disciplina de Xª e Hª (comentarios de texto, análise de diagramas, gráficas ou táboas de datos, etc) terán un **peso do 50% da nota**, cuxa cualificación estará determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Todos os exercicios será cualificados de 0 (non presentado) a 10 puntos.

Polo tanto, a **nota final** será a extraída do resultado da media aritmética dos dous parciais:

1º Parcial da materia pendente: Nota Proba escrita. + Nota Traballo

2º Parcial da materia pendente: Nota Proba escrita + Nota Traballo

**Nota final:** (Nota 1º Parcial. + Nota 2º Parcial)/ 2.

No caso de que o/a alumno/a non obtivese un resultado positivo na valoración final das probas, poderá realizar unha proba escrita final e presencial, en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo. Na aula virtual contará cunha guía dos contidos que entrarán na mesma.

No caso de que o alumno non entregue ou non supere a parte práctica, poderá entregalos antes da proba final polo que esta terá unha valoración do 50% e outro 50% a parte práctica.

Nota final se o alumno entrega os traballos prácticos: Proba Final Escrita *0,5 + Traballo prácticos *0,5

Nota final se o alumno fai a proba escrita e non entrega traballos prácticos: 1 - 10

En virtude do anterior, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Non caso de non obter unha cualificación positiva a alumna ou alumno disporán da posibilidade de se presentar a unha proba escrita final da materia.

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva (5 ou máis -aplicarase redondeo >0,5 cociente seguinte e <0,5 cociente anterior) no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

O seguimento do plan de recuperación farase segundo a táboa seguinte:

| Nivel de participación na entrega de tarefas | **Baixo** | **Medio** | **Alto** |
|---|---|---|---|
| | Entrega menos da metade das tarefas propostas | Entrega a metade (marxe +/- 1) das tarefas propostas | Entrega máis dos 75% das tarefas propostas |
| Resultados das probas | 1º Parcial | 2º Parcial | Nota Final |
| | | | |

As familias estarán informadas da evolución das súas fillas e fillos a través de abalar móbil. A familia poderá recoller por escrito o plan previa solicitude. O plan de recuperación como a guía de traballo estarán publicas na Aula Virtual (Curso: Pendentes de Xª e Hª) acompañadas dos documentos en formato pdf e versión descargable.

| **FICHA DE PLAN DE RECUPERACIÓN ALUMNADO CON MATERIA DE Xª E Hª PENDENTE** | |
|---|---|
| **A. Datos Persoais** | |
| Nome: | Apelidos: |
| Curso: | 2022 – 2023 |
| Titor/a: | |
| **B. Información relevante da materia pendente** | |
| Profesor da materia pendente | |
| Nivel | |
| Contextualización/Xustificación | |
| O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.<br>O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento | |

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e **terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias**. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun plan de **actividades dixitalizadas** baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto, terá que realizar probas escritas, tamén dixitais, sobre contidos da materia. Para preparar esta proba escrita proporcionaráselle unha **guía de contidos** baseado no **currículo LOMCE**, atendendo a como e que prepara.

**C. Currículo e criterios de avaliación** (literatura da programación e contidos/bloques da mesma)

Currículo LOMCE do nivel correspondente, en canto ao tratamento dos contidos...

En virtude de todo isto os **criterios de cualificación** establecen a partir do marco LOMLOE:
A materia desenvolverase a través de dous parciais divididos en dúas quendas para o que se realizarán unha proba escrita online e traballos prácticos que será valorados a partir das **8 competencias clave.**
As **probas escritas terán un valor do 50%** da nota acadada. A proba escrita será online, cunha duración aproximada de 50’. O alumnado contará cunha guía dos contidos a traballar nun espazo creado na Aula Virtual no centro.
**Os traballos prácticos**, traballos de investigación e prácticas propias da disciplina de Xª e Hª (comentarios de texto, análise de diagramas, gráficas ou táboas de datos, etc) terán un **peso do 50% da nota**, cuxa cualificación estará determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.
Todos os exercicios será cualificados de 0 (non presentado) a 10 puntos.
Polo tanto, a **nota final** será a extraída do resultado da media aritmética dos dous parciais:

- •1º Parcial da materia pendente: Nota Proba escrita. + Nota Traballo
- •2º Parcial da materia pendente: Nota Proba escrita + Nota Traballo
- •**Nota final:** (Nota 1º Parcial. + Nota 2º Parcial)/ 2.

No caso de que o/a alumno/a non obtivese un resultado positivo na valoración final das probas, poderá realizar unha proba escrita final e presencial, en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo. Na aula virtual contará cunha guía dos contidos que entrarán na mesma.
No caso de que o alumno non entregue ou non supere a parte práctica, poderá entregalos antes da proba final polo que esta terá unha valoración do 50% e outro 50% a parte práctica.

- Nota final se o alumno entrega os traballos prácticos:
    - ○ Proba Final Escrita *0,5 + Traballo prácticos *0,5

Nota final se o alumno fai a proba escrita e non entrega traballos prácticos: 1 - 10

**D. Estratexias metodolóxicas de desenvolvemento da materias**

Prácticas e traballos de investigación
Proba escrita (online)
Exame final xuño

Traballo e avaliación por competencias: CD, CCM, CSC, CAA ,CL, CEC, CSIEE
As tarefas propostas estarán vinculadas ao desenvolvemento do nivel competencial do alumnado

**E. Recursos necesarios**

Aula Virtual, Curso: Xª e Hª Pendentes

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

| | | | |
|---|---|---|---|
| *No caso de non ter internet o Departamento buscará alternativas como dotación de equipamento dende o centro ou no seu defecto fichas de traballo en formato analóxico (papel) | | | |
| **F. Tarefas e temporalización** | | | |
| **Tarefas** | | | |
| 2 exercicios prácticos (comentario e análise de textos, mapas, diagramas, imaxes e táboas de datos)<br>1 traballo de creación propia (baseado na investigación e creación dun pequeno produto por parte do alumno)<br>1 proba escrita online | | | |
| **Temporalización** | | | |
| 2+1+1 na 1º Parcial (Entrega, primeira semana de Xaneiro)<br>2+1+1 na 2ª Parcial (Entrega, primeira semana de Abril)<br>Exame final 3ª Avaliación (A data oficial acordarse no centro e será publicada con semanas de antelación) | | | |
| **G. Seguimento e avaliación.** | | | |
| Nivel de participación na entrega de tarefas | **Baixo** | **Medio** | **Alto** |
| | Entrega menos da metade das tarefas propostas | Entrega a metade (marxe +/- 1) das tarefas propostas | Entrega máis dos 75% das tarefas propostas |
| Resultados das probas | 1º Parcial | 2º Parcial | Nota Final |
| | | | |
| **H. Acreditación da información á familia.** | | | |
| As familias estarán informadas da evolución das súas fillas e fillos a través de abalar móbil. A familia poderá recoller por escrito o plan previa solicitude. O plan de recuperación como a guía de traballo estarán publicas na Aula Virtual (Curso: Pendentes de Xª e Hª) acompañadas dos documentos en formato pdf e versión descargable. | | | |

## CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES POLA AVALIACIÓN CONTINUA

Tendo en conta o curriculo para a ESO na materia de Ciencias Sociais, esta atópase compartimentada de xeito que, e en liñas xerais, no 1º e 3º curso impártese sobre todo Xeografía e no 2º e 4º, Historia. Polo tanto, considérase que pode aplicarse a avaliación continua de 3º para 1ºe de 4º para 2º sempre e cando se dean as seguintes condicións:

- Cualificación positiva na materia do curso superior.
- Actitude positiva e de interese cara a materia pendente, podendo isto observarse a través de:
- A realización e presentación nos prazos establecidos das actividades de recuperación.
- A presentación e realización da proba ou probas de recuperación.
- Actitude positiva en xeral, respectando o establecido no Regulamento de Réxime Interior do Centro

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

## PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación non é unha mera reproducción e aprendizaxe de coñecementos. O obxectivo final de todo proceso educativo é formar persoas, socializar ao alumnado para que sexan membros activos da comunidade na que viven, unha comunidade que inclúe ó planeta enteiro.Os valores convérsense nos eixos fundamentais da selección de contidos e das perspectivas de análise. Por iso, determinados conceptos pasan a primeiro plano na información e nas actividades: igualdade/desigualdade, poder, liberdade/opresión, pluralismo, partcicipación/imposición, poder absoluto/limitado, convivencia e paz/violencia, representación, separación/concentración de poderes, protección da vida privada, identidade múltiple ( mundial, europea, española, galega, local), patrimonio, obediencia á lei/arbitrariedade.

A formación en valores refórzase tratando temas de especial interese e actualidade: Medioambiente, Patrimonio e Dereitos Humanos.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PROXECTO LECTOR

No Departamento de Ciencias Sociais considérase fundamental o fomento da lectura de cara a conseguir, ante todo, mellorar a comprensión e a expresión escrita.

Para iso:

Realizarase unha lectura comprensiva e razoada de:

- cada tema do libro de texto.

- “Informes” que veñen no libro.

- textos históricos e xeográficos que teñan relación co temario do curso, así o alumnado aprenderá lendo á vez que aprende a ler e reforzará o estudo na clase.

- selección de textos periodísticos, literarios, científicos... para facer ao alumnado competente nas lecturas de todo tipo de textos e lograr que tome conciencia de que poden aprender Historia ou Xeografía a través de medios escritos variados.

Nas distintas lecturas tratarase de:

- definir conceptos do vocabulario máis difícil ou específico.
- organizar a información a base de esquemas, cadros, taboas etc.
- reflexionar e comunicar a información obtida de forma correcta, escrita e oralmente.

Para o fomento da lectura, realizaranse nas clases (ou na Biblioteca) lecturas de pasaxes e/ou capítulos de novelas históricas e libros de viaxes que teñan relación co tema a impartir en cada momento que logo serán comentados e debatidos.

Ademais, faranse recomendacións de libros, novela histórica, sobre todo, para, ao mesmo tempo que se achega ao alumnado ao período histórico correspondente,sirva tamén para contribuír a transmitir o interese pola lectura.

Como exemplo desas novelas históricas:

La Catedral del mar. I. FALCONES (tema medieval)

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

El clan del oso cavernario . JEAN M. AUEL (Prehistoria)
La mano de Fátima. I. FALCONES (Hª Moderna de España)
La verdad sobre el caso Savolta. E. MENDOZA (crise final do reinado de Alfonso XIII)
La voz dormida. DULCE CHACÓN (guerrilla antifranquista e represión)

Moitos destes elementos poden ser atopados na Rede, onde hai unha colección de paxinas de mapas antigos e modernos.Tamen debería haber mapas cartográficos de 1:50.000 e 1:25.000 de distintas epocas.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A posta en practica do programa Abalar supon unha oportunidade excepcional para a aplicación das TICS **.** Pódense realizar graficos de climogramas, mapas sinopticos e traballar con textos e preguntas relacionadas, ao tempo que se pode recurrir a pizarra dixital para complementar e comentar mapas e eixos cronoloxicos. Na Rede pódense localizar numerosas páxinas de mapas onde se poden sacar mapas mudos ou colocar puntos xeograficos en animacions de flash, o que permite un repaso mais rápido e menos oneroso para o alumno.
O problema ven da escasa capacidade do alumno para escribir con rapidez, e a sua dificuldade a hora de desenvolver unha idea, moito maior que cando usa o bolígrafo. Hai que ter en conta que a informática so é unha ferramenta.

Polo seu interés e aplicación nas aulas destacamos páxinas como a Información cartográfica de Galicia, Instituto Geográfico Nacional, AEMET, INE.ES, Meteogalicia, Instituto Galego de estatística, Google earth, Google maps e blogs de CIENCIAS SOCIAIS como o de Isaac Buzo.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Seguirase o protocolo de actuación establecido polo IES seguindo as orientacións do observatorio de convivencia e colaborarase para conseguir o clima desexado.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES

Valoraráse a posibilidade de levar a cabo actividades complementarias e/ou extraescolares, sempre tendo en conta a situación sanitaria do momento.

Estas serían as posibles actividades que poderían facerse, se é o caso:

2º ESO: - **Visita á Noia medieval e a súa contorna.**
Profesor responsable. Raúl Castro.

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

3º ESO: - **Visita a Ferrol e a súa contorna.**
Profesor responsable: Darío Doval.

4º ESO:
- **Visita ás minas de San Finx (Lousame).**
**Importancia do wolframio na II Guerra Mundial e na actualidade.**
Profesores responsables: Amancio Pampín e Raúl Castro.

# INDICADORES DE LOGRO E MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

## INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.

Os docentes deben someterse a un proceso constante de autoavaliación. Este proceso debe comprender todos os aspectos da seu traballo:

- **Materiais**: se o libro responde as necesidades da aula ou non. Tamén hai que supervisar as páxinas recomendadas en internet, e o rigor das películas e documentais que se proxectan. É importante unha certa variación dos elementos para facer máis entretida a clase.
- **Metodoloxía**: está claro que en teoría o máis claro indicador é o número de aprobados na avaliación final. Un número moi alto de suspensos indica un claro problema. A dinámica das clases non debe ser monótona e facilitar a intervención, variando as actividades. Non é un mal recurso preguntar ós alumnos ó final de cada avaliación sobre as cousas que máis ou menos lles gustaron. Hai que diseñar exames que se poidan facer no temo estabrecido e axeitados ó nivel e ós conceptos a examinar.
- **A planificación** tamén debe ser revisada: as veces somos demasiado optimistas e vanse acumulando retrasos que impiden completala. Repercuten sobre todo actividades como a proxección de películas ou traballos , que son ben recibidas polos alumnos como unha saída da rutina pero que consumen moito tempo.
- **A casa**: tanto o traballo na casa como o papel dos país é moi importante. Malia a crenza xeral, non todos os país buscan só o aprobado; tamén queren que os fillos aprendan, polo que é moi positivo ter empatía cos pais, atendelos e escoitalos. É sempre positiva a transmisión fluida de información entre o instituto e a familia**.**
- **Transversalidade**: as ciencias sociais son bastante útiles para desenvolver os temas transversais. Se o alumno usa conceptos da asignatura noutras áreas, se amosa unha certa sensibilidade ás desigualdades, a violencia de xénero, unha visión crítica da sociedade e a economía, a asignatura cumpriu un dos seus obxectivos.

**A programación debe ser revisada** polo Departamento. Débese comentar o número de aprobados e suspensos, o material, a metodoloxía e os materiais de apoio. Tamén hai que atopar as causas dos retrasos ou confirmar a imposibilidade de cumplir a temporalización deseñada ó comezo. Todas as reflexións e as posibles solución quedarán reflexadas no libro de actas do Departamento.

En caso de confinamento nas súas variadas posibilidades (confinamento total polo resto do curso, por un certo tempo máis ou menos curto,…) o profesorado contactará co seu alumnado podendo utilizar as canles de comunicación que estén ao seu alcance: Cisco Webex, correo

María Ana Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🖹 981-843701

electrónico, Aula Virtual, etc.

O profesorado valorará o mellor xeito de aplicar a avaliación tendo en conta múltiples factores: canto tempo de confinamento é previsible, a qué altura de curso nos atopamos (canto falta para o remate do curso ou da avaliación primeira ou segunda, a materia xa impartida presencialmente,…).

**En Rianxo, a 8 de setembro de 2022**

**O profesorado do Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do I.E.S.“Félix Muriel”.**

Raúl Castro

Asdo.

María Ana  Mogas,nº1
15920 RIANXO
☎ 981-843700 🗎 981-843701

Darío Doval

Asdo.

Amancio Pampín

Asdo.

Raúl Pérez  (Xefe de Departamento)

Asdo.